
Nova actualización de Cambridge Structural Database (CSD)

- Actualizado (19.09.2007)

O día 18 de Setembro de 2007, instalouse a actualización de Agosto de 2007 da base de datos do CSD, contendo 8.500 novas estruturas, o que supón un total de 423756 entradas na base de datos.

A Cambridge Structural Database é unha base de datos que recolle información bibliográfica, química e cristalográfica de compostos orgánicos e organometálicos obtida mediante difracción de raios X e difracción de neutróns.

Usuarios habituais: Químicos inorgánicos, orgánicos e teóricos.

Usuarios potenciais: Químicos e físicos, que traballen en síntese ou caracterización de estruturas moleculares e necesiten comparar con estruturas identificadas en bibliografía.

Información adicional: visite <http://www.ccdc.cam.ac.uk/products/csd>

Máquina de acceso: csd.cesga.es

GUIA DE USO:

A completa guía de uso, así como información adicional sobre este software, pódese atopar na pagina oficial do Cesga (<http://www.cesga.es>) baixo Computación > Aplicaciones > Bases de Datos Científicas > CSD ou directamente na seguinte URL: http://www.cesga.es/php/mais_info_es.php?id=48

Se se quere coñecer o contido da nova actualización, no programa ConQuest (comando cq), selecciónense as opcións View Databases > Entries in CSD versión 5.28 ou View Databases > Entries in CSD > versión 5.28 updates.

Hai que recordar que a base de datos Cambridge Structural Database (CSD) está instalada nunha máquina dedicada, polo que se se precisa acceder a esta base de datos e non se ten aínda acceso, deberá solicitarse aos nosos técnicos.

Ante algún problema co programa ou a actualización, non dubide en porse en contacto connosco a través de , indicando no asunto "Error en CSD".